

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10928 *Real decreto 901/2015, do 9 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.*

O artigo 31.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, dispón que, para poderen actuar como servizos de prevención, as entidades especializadas deberán ser obxecto dunha acreditación por parte da autoridade laboral, que será única e con validez en todo o territorio español, mediante a comprobación de que reúnen os requisitos que se establezan regulamentariamente e logo de aprobación da autoridade sanitaria en canto aos aspectos de carácter sanitario.

A Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, consagra o principio de eficacia en todo o territorio nacional, de acordo co cal calquera operador legalmente establecido poderá exercer a súa actividade económica sen que caiba exixirle novas autorizacións ou trámites adicionais doutras autoridades competentes diferentes. En concreto, o artigo 20.1 desta lei dispón que terán plena eficacia en todo o territorio nacional, sen necesidade de que o operador económico realice ningún trámite adicional ou cumpra novos requisitos, todos os medios de intervención das autoridades competentes que permitan o acceso a unha actividade económica ou o seu exercicio, ou acrediten o cumprimento de certas calidades, cualificacións ou circunstancias e, en particular, a alínea a) do dito artigo sinala que terán plena eficacia en todo o territorio nacional, sen que se lle poida exixir ao operador económico o cumprimento de novos requisitos, as autorizacións, licenzas, habilitacións e cualificacións profesionais obtidas dunha autoridade competente para o acceso ou o exercicio dunha actividade, para a produción ou a posta no mercado dun ben, produto ou servizo.

Este principio de eficacia non é, non obstante, aplicable ás autorizacións, declaracións responsables e comunicacións vinculadas a unha concreta instalación ou infraestrutura física. Así o establece o artigo 20.4 da mesma lei que, non obstante, determina que cando o operador estea legalmente establecido noutro lugar do territorio, as autorizacións ou declaracións responsables non poderán establecer requisitos que non estean ligados especificamente á instalación ou infraestrutura.

A Lei 20/2013, do 9 de decembro, inclúe un mandato de adaptación das disposicións vixentes con rango legal e regulamentario ao disposto nela, conforme o cal, tras avaliar tanto o Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se desenvolven os criterios básicos para a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención, como o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, se identificou que, debido a diferenzas na interpretación e aplicación das normas, varias comunidades autónomas están exixindo aos servizos de prevención requisitos adicionais que, na práctica, implican novas autorizacións incompatibles tanto coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, como coa Lei 20/2013, do 9 de decembro. Por isto resulta necesario realizar unhas modificacións puntuais no Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, de maneira que non se xeren dúbidas que sigan levando a diferentes autoridades a solicitar novas exixencias non compatibles con aquelas e que se cumpran os principios establecidos nas mencionadas leis.

Pola súa vez, a experiencia adquirida na aplicación das ditas disposicións recomenda abordar modificacións que clarifiquen e propicien unha aplicación homoxénea da normativa reguladora da materia en todo o territorio nacional.

Por isto, o artigo único procede á modificación do Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, coa finalidade, en primeiro lugar, de clarificar que a cuantificación dos traballadores se debe establecer de forma global, sen que o ámbito territorial, entendido no sentido de división xeográfica administrativa, poida ser o criterio decisivo na materia e que ata dous mil traballadores será necesaria unha unidade básica sanitaria (UBS) para o servizo de prevención, con independencia de como organice e execute a súa actividade, sen que resulte exixible unha UBS en cada demarcación xeográfica, xa sexa comunidade autónoma ou provincias, nas cales o servizo de prevención desenvolva a actividade sanitaria, nin se poida exixir por parte das autoridades competentes máis dunha UBS para atender dous mil traballadores.

Tendo en conta, ademais, que, estando xa acreditados para todo o territorio tras a acreditación inicial, se unha entidade especializada non vai dispoñer de instalacións sanitarias no ámbito dunha determinada comunidade autónoma, non procede solicitar autorización á súa autoridade sanitaria. A normativa permítelles ás autoridades sanitarias autorizar condicións de instalación e comprobar se cumpren os requisitos establecidos para a adecuada realización das súas funcións, pero non decidiren se unha entidade especializada ten que dispoñer de instalacións sanitarias nun determinado ámbito territorial.

Nestes supostos son os servizos de prevención alleos os que deciden onde instalar recursos, sen que se lles poida exixir ter recursos nas catro especialidades para poder actuar nunha comunidade autónoma concreta, e isto sen prexuízo do cumprimento das ratios exixidas pola norma.

Así, de acordo co artigo 2.2 do citado Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, os servizos de prevención unicamente deberán obter as pertinentes autorizacións das autoridades sanitarias competentes nas comunidades autónomas para as súas instalacións sanitarias na medida en que o ámbito territorial da autorización sanitaria é autonómico, non nacional, como se establece no artigo 3 do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, de bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios.

En segundo lugar, simplificar os supostos en que se poidan celebrar os acordos de colaboración, para unha maior seguridade xurídica tanto para os servizos de prevención alleos como para as autoridades competentes á hora de comprobar a súa legalidade.

En terceiro lugar, manter a posibilidade á autoridade sanitaria de verificar a calidade, suficiencia e adecuación da actividade sanitaria levada a cabo polos servizos de prevención alleos.

Na disposición transitoria establécese a comunicación ás autoridades sanitarias mentres non se encontre plenamente operativo o sistema de alerta.

A disposición derradeira primeira refírese á atribución constitucional de competencias.

A disposición derradeira segunda establece a habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Por último, a disposición derradeira terceira sinala a entrada en vigor tras a publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, as sociedades científicas da medicina e a enfermaría do traballo, da epidemioloxía e a saúde pública e o Consello de Consumidores e Usuarios. Tamén emitiu o seu informe preceptivo a Axencia Española de Protección de Datos e foi oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo. Así mesmo, foi sometido ao informe do Comité Consultivo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde e do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Este real decreto dítase de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, e co artigo 19 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.*

O Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O primeiro parágrafo e a alínea a) do número 3 do artigo 4 quedan redactados como segue:

«3. O número de profesionais sanitarios e o seu horario será adecuado ás características da poboación traballadora que hai que vivir e aos riscos existentes. Considérase unha unidade básica sanitaria (UBS) a constituída por un médico do traballo ou de empresa e un enfermeiro de empresa ou do traballo, a xornada completa. A dotación mínima de profesionais sanitarios será a seguinte:

a) Ata dous mil traballadores, unha UBS.»

Dous. O artigo 6 queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Acordos de colaboración entre servizos de prevención alleos.*

Os servizos de prevención alleos poderán adoptar acordos de colaboración entre si para a prestación de actividades sanitarias cara ás empresas concertadas, con obxecto de dar cobertura efectiva, cando resulte conveniente por razóns de dispersión ou afastamento dos centros de traballo das ditas empresas concertadas respecto do lugar de radicación das instalacións principais do servizo de prevención principal. En ningún caso o custo das medidas derivadas dos acordos de colaboración recaerá sobre os traballadores afectados.»

Tres. O número 2 do artigo 11 queda redactado como segue:

«2. A autoridade sanitaria avaliará a actividade sanitaria que desenvolven os servizos de prevención comprobando a súa calidade, suficiencia e adecuación.

Para tal efecto, os servizos de prevención alleos deberán comunicarlle á autoridade sanitaria competente o calendario e o lugar onde se vaian efectuar as actividades sanitarias seguintes:

a) As actividades en materia de vixilancia da saúde a que se refire o artigo 37.3.b) 3.º do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

b) Os programas de formación a que se refire o artigo 3.1.f) do Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.

c) Calquera outra actividade susceptible de verificación *in situ* que poida derivar da participación establecida no artigo 3.1.k) do Real decreto 843/2011, do 17 de xuño.

No suposto de que o centro de traballo e o lugar de realización de tales actividades non estean na mesma comunidade autónoma ou se leven a cabo en unidades móbiles, a comunicación deberá dirixirse ás autoridades sanitarias das comunidades autónomas afectadas.

A comunicación á autoridade sanitaria competente farase cunha antelación mínima de trinta días á data de realización da actividade sanitaria de que se trate, e esta obriga poderase entender cando a comunicación se realice polos medios establecidos no artigo 28 do Regulamento dos servizos de prevención.»

Disposición transitoria única. *Comunicación ás autoridades sanitarias.*

A comunicación a que se refire o artigo 11.2 do Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, dirixírase ás autoridades sanitarias competentes mentres non se encuentre plenamente operativo, no sistema electrónico de intercomunicación de rexistro de datos de servizos de prevención, un mecanismo automático que advirta esas autoridades da presentación da comunicación no dito sistema.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral, e do artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias sobre bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílanse as persoas titulares dos ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e de Emprego e Seguridade Social para que, de forma conxunta, ditén as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto, que se deberá realizar mediante real decreto no caso de que afecte os criterios básicos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de outubro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN